



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Valeije Álvarez, M<sup>a</sup> Inmaculada  
Vilán Vilán, Xosé Antonio

### DECANOS/DIRECTORES:

Cabeza Pereiro, Jaime  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
Pérez Abellás, Adolfo  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Rubio Armesto, Belén

### PDI-A:

Alba Castro, José Luis  
Caballero Rúa, Armando  
Grande Seara, Pablo  
Graña Rodríguez, Ana María  
Martínez Cobas, Xabier  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Pino Juste, Margarita

### PDI-B:

Gil Villanueva, José María

### ESTUDANTES:

Pato Rodríguez, Santiago Eduardo  
Veleiro Pinal, Iván

### PAS:

Cebro Rodríguez, Xan  
Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Martínez Gómez, César Enrique  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Fernández Fernández, Federico

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Lantarón Caeiro, Eva M<sup>a</sup>  
López Díaz, María  
Lorenzo Cimadevila, Henrique  
Pérez Rodríguez, María Rosa

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 20 de xaneiro de 2014, convocada para as 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **20 de xaneiro de 2014**, ás 12:00 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.
2. Convocatoria de eleccións para a renovación total do Claustro Universitario (artigo 39.n dos Estatutos da Universidade de Vigo).

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.

A secretaria xeral informa que o artigo 133 dos Estatutos establece que o Consello de Goberno, a proposta dos centros, poderá outorgar anualmente premios extraordinarios de graduado ou graduada e máster universitario. Tamén dispón, que o Consello de Goberno, a proposta da Comisión de Estudos de Posgrao, pode outorgar anualmente premios extraordinarios de doutoramento entre os doutores e doutoras que conseguiron no curso académico anterior a máxima cualificación posible.

Signala que, por outra banda, a disposición transitoria cuarta establece que o Consello de Goberno, a proposta dos centros, poderá outorgar anualmente premios extraordinarios de diplomatura, arquitectura técnica e enxeñaría técnica e premios extraordinarios de licenciatura, arquitectura e enxeñaría.

De acordo co establecido nos Estatutos, sométense á aprobación do Consello de Goberno os Premios Extraordinarios de Fin de Carreira (entendéndose por esta noción as licenciaturas e as enxeñarías técnicas e enxeñarías superiores), grao e doutoramento do curso 2012/2013.

O reitor cede a palabra ao Sr. Santiago Pato, representante do alumnado, quen solicita:

1º. Que os créditos cualificados con matrícula de honra, en materias do último curso das titulacións de grao, sexan tidos en conta, en igual proporción, para a exención de taxas na matrícula nunha titulación de máster na Uvigo.

2º. A exención de taxas na matrícula nunha titulación de máster da Uvigo, para o estudantado cualificado co Premio Extraordinario Fin de Carreira (isto o adaptou á súa normativa a UDC). Di que o estudantado só vén desfrutando dunha exención nas taxas de expedición do título de grao.

Apróbanse por asentimento (**Anexo I**).

**Punto 2.** Convocatoria de eleccións para a renovación total do Claustro Universitario (artigo 39.n dos Estatutos da Universidade de Vigo).

O reitor toma a palabra para explicar que neste ano 2014 corresponde a renovación total do Claustro, xa que o artigo 33 dos Estatutos di que os membros do Claustro serán elixidos por catro anos, agás o alumnado que o será por dous. A última renovación foi no ano 2010, polo que xa están próximos a transcorrer 4 anos e, en consecuencia, procede dar inicio ao proceso de renovación.

A tal efecto, as diferentes normativas da Universidade establecen que a convocatoria, efectuada polo Reitor, debe seguir os seguintes pasos:

En primeiro lugar, debe reunirse a Mesa do Claustro, dado que artigo 4.1 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario dispón que “A convocatoria de eleccións faina o reitor, despois da reunión da Mesa do Claustro”. A reunión á que fai referencia este Regulamento de Réxime Interno tivo lugar hoxe ás 10,30 horas no que se acordou, no seu punto 2º da orde do día, a Convocatoria de eleccións para a renovación total do Claustro Universitario.

En segundo lugar, debe reunirse o Consello de Goberno, xa que o artigo 39 dos Estatutos lle atribúe no punto n), entre as súas funcións, “a convocatoria de eleccións para a renovación total ou parcial do Claustro Universitario”.

E, en último lugar, debe ser convocada a Comisión Electoral, dado que o artigo 4.1 do Regulamento do Réxime Interno do Claustro Universitario establece que é a competente para elaborar o calendario, o censo e o procedemento electoral.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:45 horas do día 20 de xaneiro de 2014 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.



Salustiano Mato de la Iglesia



A Secretaria Xeral

M<sup>a</sup>. Inmaculada Valeije Álvarez